

Manifesto UGT e CCOO ante a Mobilización Xeral do 12 de decembro

UGT e CCOO convocamos os traballadores e traballadoras a unha mobilización xeral o 12 de decembro, en Madrid, para denunciar coa maior contundencia e responsabilidade a situación pola que atravesan a economía e a negociación colectiva, esixirlles ás organizacións empresariais un cambio de actitude, aos poderes públicos –e en particular ao Goberno– políticas máis ambiciosas para saír da crise, e para comprometer a nosa participación nunha estratexia negociada que poña todos os recursos dispoñibles ao servizo da recuperación económica e o emprego.

Dende hai vinte meses sufrimos a que, previsiblemente, será coñecida como a gran crise de principios do século XXI, provocada polo afundimento deste sistema financeiro internacional completamente desregulado e de cuxos evidentes excesos ninguén se quixo ocupar, que arrastrou a economía produtiva de todo o mundo á recesión e a millóns de cidadáns e cidadás ao desemprego. A crueza da situación é aínda maior en España ao coincidir a crise global co esgotamento do modelo produtivo seguido nas últimas décadas, e cuxos desequilibrios e debilidades viñamos denunciando dende hai anos.

Resulta sorprendente que os que defenderon os postulados máis radicais do liberalismo que nos levou a este fracaso económico (un mercado sen regras, un sistema financeiro sen control, un Estado raquíptico, unha anémica protección social, unha restrición obsesiva dos custos laborais) pretendan convencernos de que a saída da crise pasa por máis do mesmo: mesmo modelo de crecemento, despedimento máis barato, mercado de traballo máis desregulado, dereitos laborais desvalorizados, fin das políticas públicas e volta ao capitalismo sen regras.

Non aceptamos unha desvalorización laboral, sexa cal for a súa forma. Non aceptamos unha solución á crise que supoña unha transferencia de rendas do traballo a rendas do capital. Non aceptamos «vellas», simples e fracasadas receitas que debiliten os recursos, os dereitos, a protección ou as garantías dos traballadores e traballadoras.

Porén, a convicción de que a economía española atravesará por unha delicada situación, con preto de catro millóns de persoas en paro e centos de miles en risco de exclusión social, confírmanos en que desta non imos saír sen unha implicación activa de toda a sociedade, comezando polos seus principais actores: gobernos central e autonómicos, patronal e sindicatos. Ninguén pode nin debe arriar en banda.

Doce motivos para a mobilización do 12

Por todo isto, chamamos os traballadores e traballadoras de todo o país a participaren na mobilización xeral de Madrid do 12/12. Hai moitas razóns para participar. Velaquí van doce:

1. Desbloquear a negociación colectiva de 2009 e darlle cumprimento ao pactado. Recuperar o diálogo social.
2. Negociar coas organizacións empresariais un acordo plurianual que acometa a política salarial, o excedente e os beneficios empresariais e o emprego, coa finalidade de erradicar a temporalidade inxustificada fomentando o mantemento e a recuperación do emprego.
3. Consolidar e mellorar a protección por desemprego e reorientar a actuación dos servizos públicos de emprego e potenciar as políticas activas.

4. Reconsiderar o conxunto do sistema fiscal español para facelo máis equitativo, progresivo e suficiente para financiar as políticas que necesitamos.
5. Acometer novos programas de investimento público en infraestruturas e transportes.
6. Acelerar a construción de centros educativos e sanitarios públicos.
7. Desenvolver a aplicación da Lei da dependencia.
8. Revisar o funcionamento do sistema financeiro e garantir que flúa o crédito ás familias e PEMES. Incrementar as liñas de crédito do ICO.
9. Cambiar o patrón de crecemento. Avanzar cara a unha base industrial sólida. Darlles prioridade aos investimentos en I+D+I.
10. Crear un marco regulador da política enerxética para asegurar a suficiencia, o aforro e a sustentabilidade.
11. Mellorar o sistema educativo e, especialmente, a formación profesional.
12. Reforzar a protección social. Fortalecer o sistema público de pensións. A integración dos réximes especiais no xeral da Seguridade Social: Réxime especial agrario e Réxime especial de empregados do fogar.

Ninguén debe aproveitar a crise para tirar vantaxe. Non estamos dispostos a que os traballadores e traballadoras vexan desvalorizados, cando non suprimidos, os seus dereitos laborais. Non queremos que os que provocaron a crise coas súas políticas de mercado sen regras e economía especulativa dean leccións agora de como saír dela. **Reiteramos a nosa disposición a participar dunha alternativa pactada, a negociar un acordo no que todos fagamos o esforzo que nos corresponde.**

**O TRABALLO,
O PRIMEIRO**

**POLO
DIALOGO
SOCIAL**

**QUE NON T'IREN
PROVEITO
DA CRISE**



**QUE NON T'IREN
PROVEITO
DA CRISE**



**MOBILIZACIÓN
XERAL**

**Atocha-Porta de Alcalá
o 12 do 12 ás 12 h**